

Homenaxe a Xabier P. Docampo, na voz das súas amizades

Marcos Pérez Pena [@marcosperezpena](#)

martes 26, marzo 2019



Xabier P. Docampo © DNL

En xuño do pasado ano [finou Xabier P. Docampo](#), unha morte que foi chorada [por toda a cultura galega](#). Escritor, mestre, activista en prol da lingua ou da renovación pedagóxica, grande afeccionado ao cinema e cun talento notable para a narración oral, Xabier Docampo traballou en moitos ámbitos e en todos deixou infindas amizades. Todos eses amigos e amigas estarán presentes no acto de homenaxe, *Na voz da amizade*, que o vindeiro 29 de maio terá lugar no Teatro Rosalía da Coruña.


O acto será "unha primeira aproximación á súa persoa, o inicio dun camiño de homenaxes e dun tempo no que Xabier Docampo seguirá a estar presente na sociedade galega"

Organizado pola [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) e pola [Asociación Cultural Alexandre Bóveda \(ACAB\)](#), será presentado por Yolanda Castaño, e nel intervirán Paco Martín a Xavier Senín, desde Fina Casalderrey a Suso de Toro, Alfonso García Sanmartín, Chus Fernández, Paula Carballeira, Manuel Bragado, Xosé Manuel Pereiro ou María Canosa. Entre eles e elas hai compañeiros e compañeiras de xeración literaria e tamén mestres e mestras que participaron no movemento de renovación pedagóxica e outras persoas que compartiron con el outros espazos, loitas e celebracións.

Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, sinala que será esta "unha primeira aproximación á súa persoa, o inicio dun camiño de homenaxes e dun tempo no que Xabier Docampo seguirá a estar presente na sociedade galega". "As súas obras e achegas serán aínda máis estudadas e o seu legado de loita a prol do país e das causas xustas será destacado".

"Botamos de menos o amigo e o compañeiro que traballaba en proxectos colectivos para este país e botamos de menos o seu falar esperanzado e ilusionante"

"Os que compartimos idade e biografía, botamos de menos a conversa cálida, chea de contidos literarios e sobre todo humanos. Cada vez que falabas con el atopabas algo novo, algo suxerente, algo enriquecedor", destaca Cesáreo Sánchez. **"Botamos de menos o amigo e o compañeiro que traballaba en proxectos colectivos para este país e botamos de menos o seu falar esperanzado e ilusionante:** por moi indignado que puidese estar por moitas cousas, sempre había unha compoñente de ilusión esperanzada no futuro do país e no futuro da propia literatura e das xeracións que ían ler as súas obras", engade



HOMENAXE A XABIER P. DOCAMPO
Teatro Rosalía de Castro (A Coruña)
29 de maio de 2019 / 20:30 h

Cartaz da homenaxe © A.C.Alexandre Bóveda

Ciclo de palestras

A homenaxe será só un dos varios actos que están programados para os vindeiros meses, e que tamén incluírán **a colocación por parte da AELG dunha placa na casa onde este chairego de nación residiu na Coruña**. Antes, a partir desta mesma semana, a sede da Asociación Cultural Alexandre Bóveda (Rúa Olmos, 16-18, 1º, A Coruña) acollerán tres sesións nas que amigos e amigas de Docampo afondarán en varios aspectos da súa traxectoria.

"Por moi indignado que puidese estar por moitas cousas, sempre había unha compoñente de ilusión esperanzada no futuro "

Este mesmo mércores será a quenda de **Xosé Cobas**, amigo persoal e ilustrador da meirande parte da obra de Docampo, tanto que eran alcumados cariñosamente "parella de feito". É así como se titula **a charla que Cobas ofrecerá a partir das 20 horas**, que xirará ao redor do traballo que durante anos compartiron.

O mércores 3 de abril ás 20 horas **Mª Jesús Fernández** ofrecerá unha segunda charla titulada *Xabier P. DoCampo, tradición e modernidade*. Mestre e gran coñecedora da evolución da obra literaria de Docampo, Mª Jesús Fernández analizará a súa importancia, destacando que "a el, xunto con outros escritores e escritoras da súa xeración, correspondeulle crear unha nova literatura máis acorde cos tempos e cun concepto de infancia, que xa non era considerada unha etapa imperfecta de transición, senón un importante momento da vida, con características propias e necesidades específicas".

A AELG colocará unha placa na casa na que residía, na Coruña

Finalmente, o mércores 10 de abril **Martin Pawley** tratará a cinefilia de Docampo na charla *O cinema de Xabier: Do Ladrón de Bicicletas ao Fío Invisíbel*. "Foi un grande cinéfilo, e ademais un cinéfilo consciente, alguén que coñeceu e reivindicou a especial natureza da linguaxe fílmica. Unha vida son miles de películas; entre todas elas, paga a pena recordar algunhas imaxes, algúns recordos, algunhas experiencias compartidas", salienta.